



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
fin de grao

ANEXO

O relevo xeracional na agricultura: experiencias nas explotacións.

Caso práctico.

Berta Rial Ameijeiras

Xuño 2016

Índice

Índice.....	3
Conclusiones TFG.....	4
Anexo	5
1. Modelo de cuestionario empregado	6
2. Algúns datos de Santa Comba.....	15
2.1. Evolución do número de explotacións de Santa Comba.	16
2.2. Evolución do número de vacas por explotación.	16
3. Algúns datos sobre a industria láctea.....	17
Agradecementos.....	19

Conclusións TFG

Con este traballo trataba de explicar se houbo e vai a haber relevo xeracional nas explotacións agrarias galegas, en concreto nas de Santa Comba. Como puiden comprobar, si que se produciu no cambio da 1ª á 2ª xeración. Non obstante, na maioría das explotacións que están en funcionamento, non o vai a haber no paso da 2ª á 3ª xeración.

A difícil situación pola que atravesamos o sector, o peso superior da industria e da distribución e as condicións da propia zona, entre elas que haxa minifundio, dificultan máis este aspecto. A xente nova prefire buscar traballo relacionado cos seus estudos antes que no rural, quedando un pouco no aire o futuro deste sector. As posibles solucións pasan por asociacións de base cooperativa entre gandeiros, moitas melloras na industria, máis apoio por parte das administracións públicas e dos gobernos ou porque os gandeiros enfoquen esta actividade dun xeito máis empresarial.

Anexo

Dadas as limitacións de espazo que restrinxen o TFG, quixen realizar este anexo para aclarar algúns aspectos. Esta información non é fundamental para ir no traballo pero pode axudar a entender mellor o funcionamento deste sector.

Nel, vai a aparecer o cuestionario empregado para a realización das enquisas e entrevistas, algúns datos sobre Santa Comba e algunha información sobre a industria láctea.

1. Modelo de cuestionario empregado

Cuestionario: O RELEVO XERACIONAL NA AGRICULTURA.

Hola, o meu nome é Berta e son estudante do Grado en Economía na Universidade de Santiago de Compostela. Se estás a ler isto o primeiro que quero facer é darche as grazas, porque me estás axudando a realizar o meu traballo fin de grado sobre o relevo xeracional na agricultura.

O cuestionario está estruturado da seguinte maneira: inicialmente, expóñense as preguntas relativas á 1º xeración da familia (considerándoa como a fundadora da explotación, no meu caso: meus avós); continúaase coas preguntas relativas á 2º xeración da familia (a que actualmente segue co negocio, no meu caso: meus pais) e por último, as preguntas relacionadas coa 3º xeración (os que continuarán ou non co negocio nun futuro próximo cando a 2º xeración o deixe, no meu caso: eu).

Unha vez dito isto só che pido que contestes con sinceridade e de forma clara. Se tes calquera dúbida estarei encantada de resolvercha e de novo, moitas grazas.

O TEU NOME É:	
¿ A que xeración pertences? <input type="checkbox"/> 1ª <input type="checkbox"/> 2ª <input type="checkbox"/> 3ª	
NOME DA EXPLOTACIÓN:	
LUGAR:	ANO DE CREACIÓN:
¿CONCENTRACIÓN PARCELARIA? <input type="checkbox"/> Sí <input type="checkbox"/> Non	

Preguntas relativas á 1º xeración:

- 1) ¿Qué membro da familia fundou a explotación?

- 2) ¿Cantos anos tiña cando a fundou? (Rodea cun círculo a opción correcta)

- a) Menos de 30.
- b) Entre 30-40.
- c) Entre 40-50.
- d) Entre 50-60.
- e) Mais de 60.

3) Nivel de estudos. (Marque cunha x a que considere)

- Sen estudos
- Estudos básicos (ler e escribir)
- Outros. Indica cáles.

4) Número de fillos/as.

5) A que se dedican os seus fillos/as?

6) Motivos polos que fundou a explotación (Seleccione cunha x a que considere)

- Porque era a actividade á que se quería dedicar.
- Porque daquela non había outras oportunidades.
- Xa tiñan a explotación e continuou con ela.
- Outras. Indique cal ou cáles.

7) Describa as principais actividades que se realizaban a diario na explotación

8) ¿Con cantas vacas iniciou o negocio?

9) ¿Vendía leite? (Marque cunha x a que considere)

- Non.
- Si. ¿A quen?

10) Se a resposta anterior é afirmativa, ¿recorda canto lle pagaban por el?

11) Dos seguintes factores, ¿cál ou cáles facían máis difícil o desenvolvemento da actividade agraria? (Seleccione cunha x as que considere)

- Falta de empresas ás que venderlle o produto.
- Falta de empresas que distribuísen e comercializasen o produto.
- Terras de tamaño moi pequeno.
- Non ser propietario das terras que utilizaba.
- Falta de maquinaria e innovacións técnicas.
- Falta de medios económicos e de financiamento para aplicar melloras na explotación.

12) Mentres tiña a explotación, ¿introduciu melloras na explotación? (Marque cunha x)

- Si.
- Non.

13) Se a resposta anterior é afirmativa, indique o tipo de melloras introducidas (seleccione cunha x as que considere e indique cáles foron)

- Nova maquinaria

- Novas sementes

- Novas técnicas de cultivo

- Outras

14) Razón pola que deixaron a explotación.

Preguntas relativas á 2ª xeración:

15) Nivel de estudos (Marque cunha x a que considere)

- Estudos primarios.
- Estudos secundarios.
- Bacharelato.
- Outros. Indique cáles

16) Número de fillos/as.

17) ¿A que se dedican os seus fillos/as?

18) ¿Tomaron o relevo da explotación? (Marque cunha x a que considere)

- Si. ¿En que ano? _____
¿Quen? _____
- Non.

19) Se a resposta anterior é afirmativa, que motivacións o/ a impulsaron a tomar o relevo da explotación? (Marque cunha x as que considere)

- Ganas de continuar co negocio familiar.
- Falta de outras oportunidades.
- Outras razóns. Indique cál/ cáles

20) Describa as principais actividades que realiza a diario na explotación

21) ¿Con que dificultades se atopou ó coller a explotación? (Seleccione cunha x as que considere)

- Leiras pequenas.
- Necesidade de realizar grandes inversións para comprar maquinaria e/ou modernizar a explotación.
- Falta de iniciativas empresariais.
- Falta de facilidades de financiamento e de medios económicos para aplicar melloras na explotación.
- Elevados custos de mantemento da explotación.
- Outras. Indique cál ou cáles:

22) ¿Introduciu melloras na explotación? (Marque cunha x a que considere)

- Non.
- Si. Indique cál ou cáles:

23) Número de vacas.

24) Na súa explotación, ¿de qué raza son as vacas?

- Frisonas (de leite).
- Roxas (de carne).
- Unha mestura de ambas.

25) ¿Vende leite? (Marque cunha x a que considere)

- Si. ¿A
quén? _____
- Non.

26) Se a resposta anterior é afirmativa, ¿podería indicar a cuánto llo pagan?

27) ¿Canto lle costa de media producir o leite?

28) ¿Cómo ve a situación actual do sector lácteo? Cree que ten solución?

29) Na súa opinión, ¿que factores cree que son influentes na actual crise do sector lácteo? (Marque cunha x as que considere)

- Elevado peso da industria e distribución.
- Incapacidade dos gandeiros para poder fixar o prezo ó que lle compran o leite.
- Incapacidade das explotacións para modernizarse e competir.
- Outras. Indique
cáles _____

30) ¿Considerou en algún momento pechar a súa explotación? (Marque cunha x)

- Si. ¿Por
qué? _____
- Non.

31) Cambiarías algo da túa explotación?

- Si. ¿Qué cambiarías? _____
- Non.

32) Se tiveses a oportunidade, ¿volverías a escoller esta profesión?

- Si. ¿Por qué? _____
- Non. ¿Por qué? _____

33) Na súa opinión, ¿cree que están sendo efectivas as medidas que propostas polas Administracións Públicas para solucionar este problema? (conceder subvencións ás explotacións con perdas, tratar de que haxa acordo entre industria, distribución e gandeiros/as)? (Marque cunha x a que considere)

- Si.
- Non. ¿Por qué? _____

34) ¿Cal será a razón pola que deixe a explotación?

35) Pensa que vai a haber relevo xeracional na súa explotación? SI NON

Preguntas relativas á 3ª xeración

36) Nivel de estudos (Marque cunha x a que considere)

- Estudos primarios.
- Estudos secundarios.
- Bacharelato.
- Formación profesional. ¿Qué ciclo/s? _____
- Estudos universitarios. ¿Qué carreira? _____

- Outros. Indique cáles

37) Indique a súa idade e a súa profesión.

38) ¿Teñen pensado seguir coa explotación? (Marque cunha x)

- Si. ¿Por

qué? _____

- Non.

39) Se a resposta anterior é negativa, indica os motivos. (Marque cunha x as que consideres)

- Non che gusta.
 Non se corresponde co que estudaches.
 É un traballo moi sacrificado e pouco valorado.
 Só o ves como último recurso.
 Outros motivos.

Indícaos _____

40) ¿Cómo ves a situación do sector? ¿Crees que ten futuro?

41) ¿Cómo crees que se podería solucionar?

NOTA: Responde as seguintes preguntas SÓ no caso de que, na actualidade, sexa a 3ª xeración a que continúe coa explotación. Se non é así, o cuestionario remata aquí. Moitas grazas!!

42) ¿En que ano tomas o relevo xeracional? _____

43) ¿Tes pensado introducir melloras na explotación?

Si. Indica cáles

Non.

44) Describe brevemente o teu día a día na explotación.

45) Número de vacas. _____ ¿De que raza son? _____

46) ¿Vendes leite?

Si. Indica a quen llo vendes e a canto cho pagan

_____ De media, ¿cánto che costa produci-lo? _____

Non.

47) ¿Atopácheste con dificultades á hora de coller a explotación? ¿E no teu día a día?

Si. Indica

cáles _____

Non.

48) ¿Qué aspectos positivos destacas desta actividade?

49) ¿Crees que as Administracións Públicas están aplicando medidas útiles para mellorar a situación do sector?

Si.

Non. ¿Por

qué? _____

50) ¿Contemplaches algunha vez a posibilidade de asociarte con outra/s persoa/s para facer unha explotación máis grande?

- Si.
- Non.

2. Algúns datos de Santa Comba.


Táboa 1. Comparativa entre Santa Comba e Mazaricos.

	Xallas	Santa Comba	Mazaricos
Poboación (2015)	13.808	9.635	4.173
Superficie	391 km²	203,7 km²	187,3 km²
Afiliacións en alta laboral por agricultura e pesca	1.210	653	557
Número de explotacións (2014)	1.083	566	517
Total bovinos	41.137	18.413	22.724
Media bovinos/ explotación	37,98	32,53	43,95

Fonte: Elaboración propia a partir de datos do IGE.

2.1. Evolución do número de explotacións de Santa Comba.


Gráfico 1. Evolución do número de explotacións agrarias de Santa Comba. 2002-2014. *



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

2.2. Evolución do número de vacas por explotación.

Gráfico 2. Evolución do número de vacas/ por explotación de Santa Comba. 2002-2014. *



Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do IGE.

* En ambas variables, o dato do ano 2004 non aparece recollido no IGE.

3. Algúns datos sobre a industria láctea.

Imaxe 1. Producción de leite de vaca por comunidades autónomas. Ano 2014.
Miles de toneladas.



Fonte: INLAC. Imaxe dispoñible en: http://www.inlac.es/sector_produccion.php

En porcentaxes, Galicia concentra o 39% de toda a produción española, seguida por Castela e León cun 13%, por Cataluña cun 10%, por Asturias cun 8% e por Andalucía e Cantabria, ambas cun 7%.

Imaxe 2. Empresas que recollen o leite en Galicia, en cantidades e por orixe.



Fonte: A. López no Suplemento "Terra" de La Voz de Galicia do día 27 de outubro do 2015, páx. 2.

Agradecementos

Este traballo, ó cal me ocupou moitas horas, non sería posible sen a colaboración de bastantes persoas, ás cales merecen aparecer reflexadas aquí:

En primeiro lugar, o meu titor, Jaime Barreiro, pola súa infinita paciencia conmigo cada vez que lle ía con algún problema novo cos datos ou coa información. Grazas por animarme a levar adiante este TFG, polas túas opinións e pola confianza depositada en min, sen dúbida non puiden elixir mellor titor.

En segundo lugar, a Edelmiro López Iglesias, por axudarme cando non atopaba solución ao problema cos datos e por cederme os que él tiña. Moitas grazas.

En terceiro lugar, a todas as familias que participaron nesta mostra e me dedicaron un pouco do seu valioso tempo. Sodes unha parte fundamental deste estudo e sen vós o meu traballo non tería sentido, moitas grazas a vós e as vosas familias:

M^a del Pilar Rieiro, Clementina, María Martínez, Ganadería Rieiro S.C., Tania Maria, Ganadería Espasandín, Casa López, Orivia Muiño, Ganadería Avancar S.C., Ganadería Maleiro S.C., Ganadería Barilongo S.C., Ganadería Bustelo, Ana Castro, Ganadería Suárez, Ganadería Arixón, Ganadería Xardín, Ganadería Iglesias y Mouro, María del Carmen Ameijeiras, familia Santos Rial, familia Alisandro, Mari Luz González, Busto Corzón SAT, Perfecto S.C. e Carmen Lema.

Por último pero non menos importante, a miña familia e amigos por inspirarme e animarme cando o traballo me viña grande. En especial, quero agradecerlle a Lorena e a Cristina polos quilómetros que recorréchedes conmigo para as entrevistas e a Diana por facerme de intermediaria nalgunhas.

Grazas a todos.